

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

- 1066** *Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou, para estes efectos, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a fin de transferir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias dadas ao regulador na normativa europea.

A través desa modificación, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, citada, asignou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a función de establecer mediante circular, logo do trámite de audiencia e seguindo criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, a estrutura e a metodoloxía para o cálculo da parte das peaxes de acceso ás redes de electricidade destinadas a cubrir a retribución do transporte e distribución, respectando o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico de conformidade coa Lei 24/2013, do 26 de decembro.

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, modificou o marco tarifario establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro. En particular, diferenciou as peaxes de acceso destinadas a cubrir a retribución das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, en liña co disposto na Directiva 2009/72/CE, dos cargos destinados a cubrir o resto dos custos regulados.

O artigo 9 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, establece que a enerxía autoconsumida de orixe renovable, coxeración ou residuos estará exenta de todo tipo de cargas e peaxes. En caso de que se produza unha transferencia de enerxía a través da rede de distribución en instalacións próximas para efectos de autoconsumo, poderanse establecer as cantidades que resulten de aplicación polo uso desa rede de distribución. Os excedentes das instalacións de xeración asociadas ao autoconsumo estarán sometidos ao mesmo tratamento que a enerxía producida polo resto das instalacións de produción e, de igual maneira, os déficits de enerxía que os autoconsumidores adquiren a través da rede de transporte ou distribución estarán sometidos ao mesmo tratamento que os do resto dos consumidores.

O artigo 16 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, dispón que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá, mediante circular, a metodoloxía para o establecemento das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deberán satisfacer os que as usen. Así mesmo, sinala que as peaxes serán únicas en todo o territorio nacional, que non incluírán ningún tipo de impostos e que, con carácter xeral, se actualizarán anualmente. Para tal fin, as empresas que realicen as actividades con retribución regulada facilitarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia canta información for necesaria. Por último, sinala que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará as peaxes mediante resolución que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

A circular adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade e eficacia e é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos obxectivos que persegue.

A proporcionalidade da circular deriva do feito de conter a regulación imprescindible para determinar a metodoloxía de cálculo das peaxes de acceso ás redes de transporte e

distribución. Isto é, establece os principios xerais que rexen a metodoloxía de cálculo, as fórmulas para determinar as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e recolle os procedementos que deben seguir e a información que deben fornecer os distintos axentes para a determinación das peaxes.

Conforme os principios de eficiencia e transparencia, a metodoloxía de peaxes de transporte e distribución establecida na presente circular consiste na definición dunha estrutura de peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución, así como dunhas regras explícitas para asignar a retribución das actividades de transporte e a distribución de forma obxectiva, transparente, non discriminatoria e seguindo criterios de eficiencia no uso das redes. Neste senso, a asignación da retribución de transporte e distribución da metodoloxía réxese polo principio de causalidade dos custos de redes, debido a que cada peaxe se calcula en función dos factores que inducen o custo das redes de transporte e distribución, en particular, da demanda de deseño de cada nivel de tensión. Así mesmo, impútase a retribución das redes de transporte e distribución tendo en conta o uso que fan delas, para o seu fornecemento, os distintos grupos tarifarios. Por último, diferéncianse os termos de facturación das peaxes de transporte e distribución en función dos distintos períodos horarios, incentivando o uso de redes en períodos en que a saturación de redes é menor e desincentivando o uso das redes en períodos horarios de maior demanda do sistema eléctrico, en que a probabilidade de saturación das redes é máis elevada.

Así mesmo, durante a tramitación cumpríronse todas as exixencias normativas en materia de participación e audiencia de interesados.

Por outra parte, a circular procura xerar as menores cargas administrativas para os administrados, ben como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos necesarios.

Á marxe da derogación que se leva a cabo da Circular 3/2014, do 2 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, hai que ter en conta que esta circular despraza certas disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban as peaxes de electricidade, disposicións que, nas materias que son obxecto de regulación nesta circular, viran agora inaplicables conforme o establecido no citado real decreto lei.

Por todo o anterior, conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de trámite de audiencia, e de acordo coas orientacións de política enerxética establecidas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, segundo as conclusións alcanzadas a este respecto na Comisión de Cooperación prevista no artigo 2 do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do 15 de xaneiro de 2020, acordou, de acordo co Consello de Estado, emitir a presente circular.

Artigo 1. *Obxecto da circular.*

Constitúe o obxecto da presente circular o establecemento da metodoloxía para o cálculo anual dos prezos das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de electricidade.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. A circular será de aplicación para a determinación dos prezos dos termos de facturación das peaxes de transporte e distribución aplicables:

- a) Aos consumidores, nos termos previstos no artigo 6.1.g) da Lei 24/2013, do 26 de decembro.
- b) Aos produtores de enerxía eléctrica, polos consumos propios, sempre que utilicen as redes de transporte ou de distribución.

c) Ás importacións e exportacións de enerxía eléctrica que se realicen a través de interconexións con países non membros da Unión Europea, independentemente do país de orixe (importación) ou destino (exportación).

d) Ás importacións e exportacións de enerxía eléctrica que se realicen a través das interconexións intracomunitarias do sistema eléctrico español, en caso de abandono do mecanismo ITC, «Inter-Transmission System Operator Compensation Mechanism», previsto no Regulamento (UE) No 838/2010 da Comisión, do 23 de setembro de 2010, por parte dalgún dos países veciños interconectados electricamente.

2. Quedan exceptuados do pagamento de peaxes:

a) Os produtores de enerxía eléctrica polas inxeccións na rede de transporte ou distribución

b) A enerxía empregada polas empresas de transporte e distribución de enerxía eléctrica como consumos propios para o funcionamento das súas instalacións, que terá o mesmo tratamento que as perdas nas súas redes.

Os consumos propios da actividade de transporte que sexan fornecidos desde instalacións da rede de distribución consideraranse como puntos fronteira entre a rede de distribución e a rede de transporte.

c) A enerxía consumida polos bombeos de uso exclusivo para a produción eléctrica.

d) As baterías de almacenamento de enerxía conectadas na rede de transporte ou distribución, nos termos definidos no artigo 2 do Regulamento 2019/943 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño, relativo ao mercado interior da enerxía.

3. Así mesmo, a circular será de aplicación para a determinación dos pagamentos polo uso das redes dos autoconsumidores pola enerxía consumida da rede e pola enerxía autoconsumida no caso de instalacións próximas a través da rede.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos do establecido nesta circular entenderase por:

a) Grupo tarifario: agrupación de fornecementos coas mesmas características de conexión a un mesmo nivel de tensión tarifario e cunha mesma discriminación horaria.

b) Niveis de tensión tarifarios: niveis de tensión que definen cada peaxe de transporte e distribución, isto é NT0 (tensións iguais ou inferiores a 1 kV), NT1 (tensións superiores a 1 kV e inferiores a 30 kV), NT2 (tensións iguais ou superiores a 30 kV e inferiores a 72,5 kV), NT3 (tensións iguais ou superiores a 72,5 kV e inferiores a 145 kV) e NT4 (tensións iguais ou superiores a 145 kV).

c) Discriminación horaria: diferenciación das horas do ano en períodos horarios de cada peaxe de transporte e distribución.

d) Período horario: agrupación das horas do ano coas mesmas características, para efectos da discriminación horaria das peaxes de transporte e distribución.

e) Termos de facturación: compoñentes da facturación das peaxes de transporte e distribución relacionados coas variables inductoras do custo.

f) Demanda en barras de central: enerxía inxectada na rede procedente das centrais de xeración e das importacións e deducidos os consumos en bombeo e as exportacións. Para o traslado desta enerxía até os puntos de consumo débense detraer as perdas orixinadas na rede de transporte e distribución.

g) Monótona do sistema: demanda horaria en barras de central ordenada de maior a menor para todas as horas nun período, por exemplo, o ano.

h) Curva de carga do sistema: demanda horaria en barras de central para o sistema eléctrico nun período, por exemplo, o ano.

i) Curva de carga dun colectivo de consumidores: demanda horaria en barras de central dun colectivo de consumidores ao longo dun período, por exemplo, nun ano.

j) Consumos propios de xeración: enerxía utilizada polos elementos auxiliares das centrais, necesaria para o funcionamento das instalacións de produción. Os consumos

proprios inclúen os servizos auxiliares de centrais de produción (fornecementos de enerxía eléctrica necesarios para prover o servizo básico en calquera réxime de funcionamento da central, tales como en carga, arranques, paraxes e emerxencias) e fornecementos a equipamentos e accionamentos eléctricos asociados aos diversos procesos da central (inclúen instalacións de control, telecomunicacións, instalacións mecánicas, forza e iluminación).

k) Consumos propios de transporte e distribución: consumos correspondentes aos servizos auxiliares que se produzan nas súas instalacións eléctricas (subestacións, centros de control, centros de repartición, centros de manobra e centros de transformación). En ningún caso poderán considerarse como consumos propios os correspondentes aos fornecementos de oficinas e almacéns fóra do seu perímetro.

Artigo 4. *Principios xerais.*

A metodoloxía de asignación obxecto da presente circular baséase nos seguintes principios tarifarios:

a) Suficiencia. As peaxes de transporte e distribución resultantes da metodoloxía da presente circular garanten a recuperación da retribución recoñecida a tales actividades, de acordo coas previsións realizadas.

b) Eficiencia. As peaxes de transporte e distribución calculadas coa metodoloxía da presente circular asignan a retribución das redes a cada grupo tarifario segundo o principio de causalidade, evitando subsidios cruzados entre grupos tarifarios e incentivando a eficiencia no uso da rede de transporte e distribución.

c) Aditividade. As peaxes de transporte e distribución inclúen de forma aditiva a retribución do transporte e a distribución que corresponde a cada grupo tarifario.

d) Transparencia e obxectividade. Os criterios de asignación da retribución do transporte e a distribución, a información de entrada e os parámetros aplicados na metodoloxía están definidos explicitamente na presente circular e son públicos.

e) Non discriminación nas peaxes de transporte e distribución entre os usuarios da rede coas mesmas características, isto é, que pertencen ao mesmo grupo tarifario.

f) As peaxes de transporte e distribución son únicas en todo o territorio nacional.

Artigo 5. *Custos considerados na determinación das peaxes de transporte e distribución.*

1. Son obxecto de asignación, conforme a metodoloxía descrita na presente circular, os seguintes conceptos:

a) A retribución anual da actividade de transporte, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

b) A retribución anual da actividade de distribución, establecida na correspondente resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Inclúense, se for o caso, as revisións anuais da retribución da actividade de transporte e distribución correspondentes a exercicios anteriores.

3. Na determinación das peaxes de transporte e distribución inclúense:

a) Os ingresos e pagamentos resultantes das conexións internacionais de electricidade, incluídos os derivados dos mecanismos de asignación de capacidade de intercambio e xestión de conexións, segundo se establece no artigo 19.3 do Regulamento (UE) 2019/943 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, relativo ao mercado interior da electricidade.

b) As diferenzas entre os ingresos inicialmente previstos e os ingresos reais que resulten da aplicación das peaxes de transporte e distribución de exercicios anteriores.

Artigo 6. *Definición da estrutura de peaxes de transporte e distribución.*

1. As peaxes de transporte e distribución diferéncianse por niveis de tensión tarifarios e períodos horarios e constan dun termo de facturación por potencia contratada e un termo de facturación por enerxía activa consumida. Se for o caso, aplicarase tamén un termo de facturación por potencia demandada, cando esta supere a potencia contratada, e un termo de facturación por enerxía reactiva.

2. As peaxes de transporte e distribución de aplicación aos consumidores, aos autoconsumidores pola enerxía demandada da rede e aos xeradores polos consumos propios, son as seguintes:

a) Peaxe 2.0TD de aplicación a fornecementos conectados en redes de tensión non superior a 1 kV, con potencia contratada inferior ou igual a 15 kW en todos os períodos. Esta peaxe consta de dous termos de potencia contratada e de tres termos de enerxía consumida.

b) Peaxe 3.0TD de aplicación a fornecementos conectados en redes de tensión non superior a 1 kV con potencia contratada superior a 15 kW nalgún dos seis períodos horarios. Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

c) Peaxe 6.1TD de aplicación a fornecementos conectados en tensións superiores a 1 kV e inferiores a 30 kV (nivel de tensión tarifario NT1). Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

d) Peaxe 6.2TD de aplicación a fornecementos conectados en tensións iguais ou superiores a 30 kV e inferiores a 72,5 kV (nivel de tensión tarifario NT2). Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

e) Peaxe 6.3TD de aplicación a fornecementos conectados en tensións iguais ou superiores a 72,5 kV e inferiores a 145 kV (nivel de tensión tarifario NT3). Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

f) Peaxe 6.4TD de aplicación a fornecementos conectados en tensións iguais ou superiores a 145 kV (nivel de tensión tarifario NT4). Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

O criterio de potencias contratadas crecentes deberá cumprir en todo caso coas restricións derivadas dos equipamentos de medida, conforme o establecido no Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.

3. Os pagamentos polo uso da rede de transporte e distribución de aplicación aos autoconsumidores pola enerxía autoconsumida no caso de instalacións próximas a través de rede terán a seguinte estrutura:

a) Peaxe 2.0TDA de aplicación a fornecementos conectados en redes de tensión non superior a 1 kV con potencia contratada inferior ou igual a 15 kW en todos os períodos horarios. Esta peaxe consta de tres termos de enerxía pola enerxía autoconsumida.

b) Peaxe 3.0TDA de aplicación a fornecementos conectados en redes de tensión non superior a 1 kV con potencia contratada superior a 15 kW nalgún dos seis períodos horarios. Esta peaxe consta de seis termos de enerxía pola enerxía autoconsumida.

c) Peaxe 6.1TDA de aplicación a fornecementos conectados en tensións superiores a 1 kV e inferiores a 30 kV (nivel de tensión tarifario NT1). Esta peaxe consta de seis termos de enerxía pola enerxía autoconsumida.

d) Peaxe 6.2TDA de aplicación a fornecementos conectados en tensións iguais ou superiores a 30 kV e inferiores 72,5 kV (nivel de tensión tarifario NT2). Esta peaxe consta de seis termos de enerxía pola enerxía autoconsumida.

e) Peaxe 6.3TDA de aplicación a fornecementos conectados en tensións iguais ou superiores a 72,5 kV e inferiores a 145 kV (nivel de tensión tarifario NT3). Esta peaxe consta de seis termos de enerxía pola enerxía autoconsumida.

f) Peaxe 6.4TDA de aplicación a fornecementos conectados en tensións iguais ou superiores a 145 kV (nivel de tensión tarifario NT4). Esta peaxe consta de seis termos de enerxía pola enerxía autoconsumida.

4. Ás importacións e exportacións de enerxía de ou cara a países terceiros non membros da Unión Europea seralles de aplicación a peaxe 6.4TD.

Artigo 7. *Períodos horarios das peaxes de transporte e distribución.*

1. Para efectos da aplicación da presente metodoloxía, os períodos horarios dos termos de facturación das peaxes de transporte e distribución son os que se definen no número seguinte.

2. A discriminación horaria de seis períodos será de aplicación aos termos de potencia e enerxía de todas as peaxes, con excepción da peaxe 2.0 TD.

A discriminación horaria de seis períodos diferencia as horas do ano en seis períodos horarios (de P1 a P6) en función da temporada, o día da semana e a hora do día.

a) Definición das temporadas eléctricas: Para efectos da aplicación nas peaxes de transporte e distribución, considerarase o ano dividido en catro temporadas, incluíndo en cada unha delas os seguintes meses:

Península:

- (i) Temporada alta: xaneiro, febreiro, xullo e decembro.
- (ii) Temporada media alta: marzo e novembro.
- (iii) Temporada media: xuño, agosto e setembro.
- (iv) Temporada baixa: abril, maio e outubro.

Canarias:

- (i) Temporada alta: xullo, agosto, setembro e outubro.
- (ii) Temporada media alta: novembro e decembro.
- (iii) Temporada media: xaneiro, febreiro e marzo.
- (iv) Temporada baixa: abril, maio e xuño.

Illes Balears:

- (i) Temporada alta: xuño, xullo, agosto e setembro.
- (ii) Temporada media alta: maio e outubro.
- (iii) Temporada media: xaneiro, febreiro e decembro.
- (iv) Temporada baixa: marzo, abril e novembro.

Ceuta:

- (i) Temporada alta: xaneiro, febreiro, agosto e setembro.
- (ii) Temporada media alta: xullo e outubro.
- (iii) Temporada media: marzo, novembro e decembro.
- (iv) Temporada baixa: abril, maio e xuño.

Melilla:

- (i) Temporada alta: xaneiro, xullo, agosto e setembro.
- (ii) Temporada media alta: febreiro e decembro.
- (iii) Temporada media: xuño, outubro e novembro.
- (iv) Temporada baixa: marzo, abril e maio.

b) Definición dos tipos de días: para efectos da aplicación das peaxes de transporte e distribución, os tipos de días clasifícanse da seguinte forma:

- (i) Tipo A: de luns a venres non festivos de temporada alta.
- (ii) Tipo B: de luns a venres non festivos de temporada media alta.
- (iii) Tipo B1: de luns a venres non festivos de temporada media.
- (iv) Tipo C: de luns a venres non festivos de temporada baixa.
- (v) Tipo D: sábados, domingos, festivos e 6 de xaneiro.

Considéranse para estes efectos como días festivos os de ámbito nacional, definidos como tales no calendario oficial do ano correspondente, con exclusión tanto dos festivos substituíbles como dos que non teñen data fixa.

c) Definición dos períodos horarios: os horarios aplicables por tipo de día na península son os seguintes:

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P1	De 9 h a 14 h De 18 h a 22 h	–	–	–	–
P2	De 8 h a 9 h De 14 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 9 h a 14 h De 18 h a 22 h	–	–	–
P3	–	De 8 h a 9 h De 14 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 9 h a 14 h De 18 h a 22 h	–	–
P4	–	–	De 8 h a 9 h De 14 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 9 h a 14 h De 18 h a 22 h	–
P5	–	–	–	De 8 h a 9 h De 14 h a 18 h De 22 h a 0 h	–
P6	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	Todas as horas do día.

Os horarios aplicables por tipo de día en Illes Balears son os seguintes:

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P1	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–	–	–	–
P2	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–	–	–

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P3	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–	–
P4	–	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–
P5	–	–	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	–
P6	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	Todas as horas do día.

Os horarios aplicables por tipo de día nas Canarias son os seguintes:

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P1	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–	–	–	–
P2	–	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–	–
P3	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	–	–	–
P4	–	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 18 h a 22 h	–
P5	–	–	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 18 h De 22 h a 0 h	–
P6	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	Todas as horas do día.

Os horarios aplicables por tipo de día en Ceuta son os seguintes:

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P1	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	–	–	–	–
P2	–	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	–	–
P3	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	–	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	–
P4	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	–	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	–	–

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P5	-	-	-	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	-
P6	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	Todas as horas do día.

Os horarios aplicables por tipo de día en Melilla son os seguintes:

Período horario	Tipo de día				
	Tipo A	Tipo B	Tipo B1	Tipo C	Tipo D
P1	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	-	-	-	-
P2	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	-	-	-
P3	-	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	-	-
P4	-	-	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	De 10 h a 15 h De 19 h a 23 h	-
P5	-	-	-	De 8 h a 10 h De 15 h a 19 h De 23 h a 0 h	-
P6	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	De 0 h a 8 h	Todas as horas do día.

3. Discriminación horaria de tres períodos: a discriminación horaria de tres períodos será de aplicación ao termo de enerxía da peaxe 2.0 TD.

A discriminación horaria de tres períodos diferencia as horas do ano en tres períodos horarios: período 1 (punta), período 2 (chan) e período 3 (val). Considéranse horas punta, chan e val as seguintes:

Inverno e verán (luns a venres laborables)					
Península, Illes Balears e Canarias			Ceuta e Melilla		
P1	P2	P3	P1	P2	P3
10 h-14 h 18 h-22 h	8 h-10 h 14 h-18 h 22 h-24 h	0 h-8 h	11 h-15 h 19 h-23 h	8 h-11 h 15 h-19 h 23 h-24 h	0 h-8 h

Considéranse como horas do período 3 (val) todas as horas dos sábados, domingos, o 6 de xaneiro e os días festivos de ámbito nacional, definidos como tales no calendario oficial do ano correspondente, con exclusión tanto dos festivos substituíbles como dos que non teñen data fixa.

4. Discriminación horaria de dous períodos: a discriminación horaria de dous períodos será de aplicación ao termo de facturación de potencia e excesos de potencia de aplicación á peaxe 2.0 TD.

A discriminación horaria de dous períodos diferencia as horas do ano en dous períodos horarios: punta e val. O período punta da discriminación horaria de dous períodos agrupa

os períodos P1 e P2 da discriminación horaria en tres períodos, mentres que o período val da discriminación horaria de dous períodos se corresponde co período 3 da discriminación horaria de tres períodos.

Artigo 8. Metodoloxía de asignación da retribución do transporte e a distribución.

A metodoloxía de asignación da retribución recoñecida ás actividades de transporte e distribución para establecer as correspondentes peaxes, cuxo desenvolvemento se recolle no anexo I, consta das seguintes etapas e responde aos seguintes criterios:

1. Conforme o criterio de suficiencia, determínase a retribución de transporte e de distribución que debe recuperarse anualmente a través das peaxes de transporte e distribución.
2. Conforme o criterio de causalidade, asígnase a retribución do transporte e a distribución por niveis de tensión tarifarios.
3. Conforme o criterio de causalidade e reflexo de custos, asígnase a retribución do transporte e a distribución de cada nivel de tensión tarifario aos termos de facturación das peaxes de transporte e distribución.
4. Conforme o criterio de eficiencia, asígnase a retribución do transporte e distribución de cada nivel de tensión e termo de facturación por período horario, tendo en conta a participación destes na punta.
5. Conforme o criterio de aditividade e causalidade, asígnase a retribución de cada nivel de tensión que haxa que recuperar por termo de facturación e período horario ao propio nivel de tensión e a niveis de tensión inferiores, segundo un modelo de rede simplificado.
6. Determínase os termos de facturación da potencia contratada resultantes da asignación da retribución do transporte e a distribución.
7. Determínase os termos de facturación de enerxía consumida resultantes da asignación da retribución do transporte e a distribución.
8. Determínase os termos de facturación de enerxía consumida dos pagamentos de transporte e distribución de aplicación aos autoconsumidores pola enerxía autoconsumida no caso de instalacións próximas a través de rede.

Artigo 9. Aplicación das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

1. As peaxes de transporte e distribución constan dun termo de facturación por potencia contratada, un termo de facturación por enerxía consumida e, se for o caso, un termo de facturación pola potencia demandada e un termo de facturación pola enerxía reactiva, os cales se determinarán de acordo coas fórmulas que figuran nos números seguintes.

2. Facturación de potencia: a facturación de potencia será o sumatorio resultante de multiplicar a potencia contratada en cada período horario polo prezo do termo de potencia correspondente, segundo a fórmula seguinte:

$$FP = \sum_{p=1}^{p=i} Tp_p * Pc_p$$

Onde:

FP: facturación da potencia.

Tp_p : prezo do termo de potencia do período horario p , expresado en €/kW e ano.

Pc_p : potencia contratada no período horario p , expresada en kW.

i : número de períodos horarios de que consta o termo de facturación de potencia da peaxe correspondente.

A facturación de potencia ratearase polo número de días, ou o número de horas no caso de contratos de duración inferior ao día, que comprende o período de facturación, considerando que o día de lectura inicial está excluído e o día de lectura final está incluído.

Dentro do ámbito de aplicación internacional referido nos artigos 2.1.c) e 2.1.d), a facturación de potencia, en cada período tarifario, calcularase multiplicando o prezo establecido para o termo de potencia pola suma das potencias efectivamente programadas en cada hora divididas polo número total de horas do período.

Se durante o período de facturación se producise unha actualización dos prezos dos termos de potencia, a facturación da potencia terá en conta o número de días de vixencia dos prezos dos termos de potencia no período de facturación.

3. Termo de facturación de enerxía: o termo de facturación de enerxía activa será o sumatorio resultante de multiplicar a enerxía consumida ou, se for o caso, estimada en cada período horario polo prezo do termo de enerxía correspondente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$FE = \sum_{p=1}^{p=i} Te_p * E_p$$

Onde:

FE : facturación por enerxía, expresada en euros.

Te_p : prezo do termo de enerxía do período horario p , expresado en €/kWh.

E_p : enerxía consumida ou estimada no período horario p , expresada en kWh. No caso das importacións e exportacións de enerxía considerarase a enerxía programada en cada período horario.

i : número de períodos horarios de que consta o termo de facturación de enerxía da peaxe correspondente.

4. Termo de facturación pola potencia demandada.

a) Control de potencia: o control da potencia demandada realizarase mediante os aparellos de control e medida de acordo co disposto no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, conforme o seguinte:

1) Nos puntos de medida tipo 5 con contadores que permitan a discriminación horaria e a telexestión o control da potencia demandada realizarase mediante a apertura do elemento de corte do contador de enerxía instalado tarado á correspondente potencia ou potencias contratadas.

Nos puntos de medida tipo 5 onde non se dispoña de contador que permita a discriminación horaria e a telexestión, o control da potencia demandada realizarase mediante a instalación do interruptor de control de potencia (ICP) tarado á amperaxe correspondente á potencia contratada.

Alternativamente, naqueles casos en que, polas características do fornecemento, o control de potencia se realice con maxímetro, a potencia contratada non poderá ser inferior á potencia que, se for o caso, figure no boletín de instalador para os equipamentos que non poidan ser interrompidos.

2) Nos puntos de fornecemento con equipamento de medida tipo 4, o control da potencia demandada realizarase mediante a instalación dos correspondentes aparellos de medida que rexistrarán a potencia cuartohoraria máxima demandada en cada período tarifario.

3) Nos puntos de fornecemento con equipamento de medida tipos 1, 2 e 3, o control da potencia demandada realizarase por medio das medicións cuartohorarias dos equipamentos de medida.

b) Facturación pola potencia demandada: no caso de que a potencia demandada supere en calquera período horario o 105 por 100 da potencia contratada nel, procederase, ademais, á facturación dos excesos rexistrados en cada período, de acordo co seguinte:

1) Puntos de fornecemento con equipamentos de medida tipos 4 e 5:

$$F_{EP} = \sum_{p=1}^{P=i} t_p \times 2 \times (Pd_j - 1,05 \times Pc_p)$$

Onde:

F_{EP} : facturación en concepto de excesos de potencia.
 t_p : termo de exceso de potencia, expresado en €/kW, da peaxe correspondente.
 Pd_j : potencia demandada en cada un dos períodos horarios p en que se superou Pc_p , expresada en kW.
 Pc_p : potencia contratada no período horario p , expresada en kW.
 i : número de períodos horarios de que consta o termo de facturación de potencia da peaxe correspondente.

2) Puntos de fornecemento de medida tipos 1, 2 e 3:

$$F_{EP} = \sum_{p=1}^{P=i} K_p \times t_{ep} \times \sqrt{\sum_{j=1}^n (Pd_j - Pc_p)^2}$$

Onde:

F_{EP} : facturación en concepto de excesos de potencia.
 K_p : relación de prezos por período horario p , calculada como o cociente entre o termo de potencia do período p respecto do termo de potencia do período 1 da peaxe correspondente.
 t_{ep} : termo de exceso de potencia, expresado en €/kW, da peaxe correspondente.
 O termo do exceso de potencia determinarase de forma que, dado o perfil do consumidor medio de cada peaxe, a facturación de acceso que resulte da optimización das potencias sexa equivalente á facturación de acceso que resultaría de considerar as potencias contratadas máximas de cada período, coa restrición de que a facturación de acceso que resulta para o período 1 a seguir da optimización nunca sexa negativa. O termo resultante incrementarase nun 20 % co obxecto de desincentivar a contratación de potencias inferiores ás realmente demandadas.
 Pd_j : potencia demandada en cada un dos cuartos de hora j do período horario p en que se superou Pc_p , expresada en kW. No caso de que o equipamento de medida non dispoña de capacidade de rexistro cuartohoraria, considerarase a mesma potencia demandada en todos os cuartos de hora.
 Pc_p : potencia contratada no período horario p , expresada en kW.
 i : número de períodos horarios de que consta o termo de facturación de potencia da peaxe correspondente.

5. Termo de facturación por enerxía reactiva: o termo de facturación por enerxía reactiva, expresado en €/kVArh, será de aplicación aos suxeitos mencionados no número primeiro do artigo 2 coa excepción dos fornecementos conectados en baixa tensión con potencia contratada inferior ou igual a 15 kW en todos os períodos horarios e as importacións e exportacións referenciadas nos artigos 2.c) e 2.d).

Este termo aplicarase sobre todos os períodos horarios, excepto no período 6, sempre que o consumo de enerxía reactiva exceda o 33 por 100 do consumo de activa durante o período de facturación considerado e unicamente afectará os ditos excesos.

Os consumidores aos cales se lles facture o termo de enerxía reactiva deberán dispor do contador de enerxía reactiva permanentemente instalado.

Artigo 10. *Peaxes de aplicación a contratos de duración inferior ao ano.*

1. As peaxes de aplicación a contratos de duración inferior a un ano serán de aplicación a aqueles contratos cuxa duración prevista no momento de contratación sexa inferior ao ano, independentemente do tipo de contrato de que se trate.

2. Os termos de potencia das peaxes de aplicación aos contratos de duración inferior a un ano incrementaranse nas seguintes porcentaxes, dependendo da súa duración:

Duración dos contratos (D)	Porcentaxe de recarga
$D \leq 3$ meses.	135
3 meses $< D \leq 4$ meses.	90
4 meses $< D \leq 5$ meses.	63
5 meses $< D \leq 6$ meses.	45
$D > 6$ meses.	32

3. Para efectos de facturar estes contratos, aplicarase ao termo de potencia a recarga correspondente a unha duración do contrato inferior a tres meses e na última factura procederase á regularización dos importes facturados para adecuarse á efectiva duración do contrato.

Artigo 11. *Coefficientes de perdas.*

Os coeficientes de perdas para traspasar a enerxía fornecida en contador a enerxía fornecida en barras de central para os efectos das liquidacións previstas no Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, son os recollidos no cadro seguinte:

Nivel de tensión	Períodos horarios					
	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
2.0 TD	16,7%	16,3%	18,0%	–	–	–
3.0 TD	16,6%	17,5%	16,5%	16,5%	13,8%	18,0%
6.1 TD	6,7%	6,8%	6,5%	6,5%	4,3%	7,7%
6.2 TD	5,2%	5,4%	4,9%	5,0%	3,5%	5,4%
6.3 TD	4,2%	4,3%	4,0%	4,0%	3,0%	4,4%
6.4 TD	1,6%	1,6%	1,6%	1,6%	1,5%	1,7%

Artigo 12. *Obrigacións de información.*

1. A información que serve de base para a asignación da retribución recoñecida ás actividades de transporte e distribución actualízase con carácter anual en función da información proporcionada polo operador do sistema e as empresas distribuidoras á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. O operador do sistema e as empresas distribuidoras deberán proporcionar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, con carácter anual e no prazo que se estableza, a seguinte información:

a) O operador do sistema deberá remitir:

(i) Demanda eléctrica en barras de central desagregada por sistema (península, Illes Balears, Canarias, Ceuta e Melilla) prevista para o feche do exercicio en curso e para os

seis exercicios seguintes. Deberanse achegar, polo menos, tres escenarios de previsión de demanda (superior, central e inferior) xunto coa descrición detallada das hipóteses consideradas, especificando o efecto laboralidade, o efecto temperatura e o efecto actividade económica.

(ii) Escenarios de cobertura para cada un dos escenarios de previsión da demanda en barras de central remitidos conforme o punto anterior, desagregada por tecnoloxías, incluíndo detalle da enerxía vertida polas instalacións de produción renovable, coxeración de alta eficiencia e residuos e a desagregación do saldo físico internacional, entre importacións e exportacións.

(iii) Balances de potencia desagregados por niveis de tensión para a hora de maior demanda de cada período horario da discriminación horaria en seis períodos establecida para o sistema peninsular, balear e canario correspondentes ao último exercicio con información completa.

(iv) Balances de enerxía desagregados por niveis de tensión referentes ao último exercicio con información completa, ben como a súa desagregación por período horario da discriminación horaria en seis períodos establecida para o sistema peninsular, balear e canario correspondentes ao último exercicio con información completa.

(v) Demanda en barras de central horaria de cada un dos sistemas península, Illes Balears, Canarias, Ceuta e Melilla correspondente ao último exercicio con información completa.

(vi) Calquera outra información que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considere necesario proporcionar para a aplicación da presente metodoloxía.

b) As empresas distribuidoras, ben directamente ben a través das asociacións de distribuidores a que pertencen cando se trate de empresas con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes, deberán remitir:

(i) Previsións do número de clientes, consumos, potencias e facturacións, desagregadas por peaxe de transporte e distribución, xunto coa descrición das hipóteses que fosen consideradas en cada caso, para o feche do exercicio e para os seis exercicios seguintes. Adicionalmente, incluírase a mesma información para o último exercicio fechado.

(ii) Previsión sobre o número de fornecementos acollidos a autoconsumo e volume de autoconsumo para o feche do exercicio e para os seis exercicios seguintes, desagregado por nivel de tensión e modalidade de autoconsumo.

(iii) A curva de carga horaria por grupo tarifario resultante da agregación das curvas de carga horarias dos clientes con medida horaria correspondente ao último exercicio con información anual completa.

(iv) Calquera outra información que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considere necesario proporcionar para a aplicación da presente metodoloxía.

c) Adicionalmente, as empresas distribuidoras de máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes deberán enviar a seguinte información correspondente ao último exercicio con información completa:

(i) Balances de potencia desagregados por nivel de tensión para a hora de maior demanda de cada período horario da discriminación horaria en seis períodos establecida para o sistema peninsular, sistema balear e sistema canario correspondentes ao último exercicio con información completa.

(ii) Balances de enerxía desagregados por niveis de tensión referentes ao último exercicio con información completa, ben como a súa desagregación por período horario da discriminación horaria en seis períodos establecida para o sistema peninsular, sistema balear e sistema canario correspondentes ao último exercicio con información completa.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá supervisar os criterios da información solicitada, a calidade desta e solicitar, se se considera necesario, a súa correspondente revisión.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará antes do 30 de xuño de cada ano na súa páxina web os formularios electrónicos incluíndo, se for o caso, os criterios que deberán seguir os suxeitos afectados para proporcionar a información solicitada, indicando a forma de envío e os prazos de remisión.

Artigo 13. Publicación das peaxes de transporte e distribución segundo a metodoloxía establecida e información que serve para o seu cálculo.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calculará anualmente e publicará no «Boletín Oficial del Estado» mediante resolución os valores das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución, ben como as contías da retribución das actividades de transporte e distribución de electricidade, conforme se establece no artigo 7.1 bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

2. Adicionalmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará na súa páxina web a seguinte información agregada que serviu para o cálculo das peaxes de transporte e distribución:

- a) Resolución pola cal se establece a retribución das actividades de transporte e distribución e as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución.
- b) Memoria xustificativa que acompaña a resolución.
- c) Previsión da demanda en barras de central, desagregada por sistema.
- d) Previsión do número de clientes, consumos e potencias contratadas, desagregadas por grupos tarifarios.
- e) Curvas de carga horaria por grupos tarifarios correspondentes ao último exercicio con información completa.
- f) Balances de potencia e enerxía agregados segundo o modelo simplificado de rede, conforme o anexo III.
- g) Coeficientes de asignación da retribución do transporte e da distribución aos grupos tarifarios ($\alpha_{j,p}^i$ e α_j^i calculados conforme o anexo II).
- h) Número de horas do período de punta que se aplicarán anualmente en función do perfil das curvas de carga por grupos tarifarios.
- i) Modelo de cálculo simplificado que permita aos usuarios da rede calcular as peaxes de transporte e distribución para o período tarifario e cada un dos períodos tarifarios do resto do período regulatorio.
- j) Calquera outra información que se considere necesaria para a aplicación da metodoloxía establecida na presente circular, para efectos da determinación das correspondentes peaxes de transporte e distribución.

Artigo 14. Parámetros que se aplicarán para determinar as peaxes de transporte e distribución.

Para a aplicación da metodoloxía de cálculo das peaxes de transporte e distribución aplicaranse os seguintes parámetros:

1. As porcentaxes de repartición da retribución da distribución por niveis de tensión tarifarios serán as establecidas no número 1 do anexo II.
2. As porcentaxes de asignación dos custos anuais de transporte e distribución que se recuperan polo termo de potencia e polo termo de enerxía por niveis de tensión tarifarios resultantes da aplicación da metodoloxía para os seis anos do período regulatorio son as definidas no número 2 do anexo II.

Disposición adicional primeira. Revisión da metodoloxía de asignación de peaxes de transporte e distribución.

1. Con carácter xeral, a metodoloxía establecida na presente circular será revisada cada seis anos.

2. Non obstante, poderase revisar a metodoloxía na metade do primeiro período regulatorio, que finalizará o 31 de decembro de 2025, para efectos de incorporar, se for o caso, os resultados que se obteñan do grupo de traballo previsto no número 3.

Adicionalmente, a metodoloxía poderá revisarse, con carácter excepcional, se se producen cambios regulatorios que afecten a estrutura ou os compoñentes que se enumeran no artigo 5 ou modificacións na normativa europea con impacto nela, xa sexa directo ou indirecto.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia creará un grupo de traballo co fin de analizar en profundidade, para efectos da revisión da metodoloxía, a necesidade de mellorar os sinais de prezos aos usuarios das redes, tendo en conta, entre outros, o impacto do autoconsumo, o almacenamento de enerxía, a agregación de consumos e a participación da demanda na prestación de servizos.

O grupo de traballo será dirixido pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e estará integrado por representantes do operador do sistema, os transportistas, distribuidores, comercializadores e consumidores.

Disposición adicional segunda. *Peaxes de transporte e distribución aplicables aos puntos de recarga de vehículos eléctricos de acceso público.*

1. O titular dun punto de fornecemento para recarga de vehículo eléctrico de acceso público poderá solicitar a aplicación da peaxe regulada nesta disposición ante o distribuidor, directamente ou a través da súa comercializadora, como opción alternativa ás peaxes xerais. Para isto, deberá acreditar:

- a) Que o punto de fornecemento será de utilización exclusiva para a recarga de vehículos eléctricos.
- b) Que o punto de recarga será de acceso público.

2. As peaxes para recarga de vehículos eléctricos poderán ser de aplicación a aqueles puntos de fornecemento en redes de tensión inferior a 30 kV e con potencia contratada superior a 15 kW.

3. As peaxes de aplicación aos puntos de recarga de vehículos eléctricos de acceso público son as seguintes:

a) Peaxe 3.0TDVE de aplicación a puntos de fornecemento para recarga de vehículos eléctricos conectados en redes de tensión non superior a 1 kV e con potencia contratada superior a 15 kW nalgún dos seis períodos horarios. Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

b) Peaxe 6.1TDVE de aplicación a puntos de fornecemento para recarga de vehículos eléctricos conectados en tensións superiores a 1 kV e inferiores a 30 kV (nivel de tensión tarifario NT1). Esta peaxe consta de seis termos de potencia contratada e seis termos de enerxía consumida. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período P_{n+1} sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período anterior P_n .

4. As peaxes para a recarga de vehículos eléctricos determinaranse da seguinte forma:

a) Os termos de potencia determinaranse de forma que recupere o 20 % da facturación por peaxes de transporte e distribución das correspondentes peaxes de acceso establecidas no artigo 6.2, alíneas b) e c), suposta unha utilización do punto do 10 %.

b) Os termos de enerxía determinaranse de forma que recupere o 80 % da facturación por peaxes de transporte e distribución das correspondentes peaxes de acceso establecidas no artigo 6.2, alíneas b) e c), suposta unha utilización do punto do 10 %.

5. No caso de se detectar que o punto de fornecemento non é de dedicación exclusiva á recarga de vehículos eléctricos de acceso público, procederase á súa refacturación aplicando as correspondentes peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución cunha penalización do 20%.

6. Esta peaxe será de aplicación durante o período regulatorio 2020-2025.

Disposición adicional terceira. *Procedemento de aplicación das peaxes de acceso aos consumos propios de instalacións de produción de electricidade.*

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente circular, o operador do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia unha proposta para a determinación de criterios homoxéneos para efectos da aplicación das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica polos consumos propios da instalación de produción.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia someterá a trámite de audiencia a proposta do operador do sistema e establecerá mediante resolución o citado procedemento de aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos equipamentos, dos sistemas de facturación e dos contratos.*

1. As empresas distribuidoras e comercializadoras adaptarán os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos ao disposto nesta circular antes do 1 de novembro de 2020.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia adaptará ao disposto nesta circular os ficheiros de intercambio de información entre distribuidores e comercializadores no prazo de tres meses desde a súa publicación.

2. As potencias contratadas por período dos consumidores manteranse en canto estes non as modifiquen nos seus contratos, exceptuando as potencias contratadas por períodos dos consumidores conectados a redes de baixa tensión e tensión comprendida entre 1 e 36 kV con potencia contratada igual ou inferior a 450 kW en todos os períodos, para os cales se aplicará a seguinte regra:

a) Para os consumidores conectados en baixa tensión con potencia contratada igual ou inferior a 15 kW, a potencia contratada no período val será a potencia que ten contratada o consumidor cando a entrada en vigor da presente circular, en canto o consumidor non modifique esa potencia.

b) Para os consumidores conectados en baixa tensión con potencia contratada superior a 15 kW e os conectados en tensión comprendida entre 1 e 36 kV con potencia contratada igual ou inferior a 450 kW en todos os períodos:

1) A potencia contratada do período 1 da peaxe de seis períodos será igual á potencia contratada no período 1 da peaxe a que estivese acollido o consumidor cando a entrada en vigor da circular.

2) A potencia contratada nos períodos 2, 3, 4 e 5 da peaxe de seis períodos será igual á potencia contratada no período 2 da peaxe a que estivese acollido o consumidor cando a entrada en vigor da circular. En caso de incumprir o criterio de potencias crecentes, a potencia contratada nos períodos 2, 3, 4 e 5 será igual á potencia contratada no período 1.

3) A potencia contratada no período 6 da peaxe en seis períodos será igual á potencia contratada no período 3 da peaxe a que estivese acollido o consumidor cando a entrada en vigor da circular. En caso de incumprir o criterio de potencias crecentes, a potencia contratada no período 6 será igual á potencia contratada no período 5.

3. O consumidor terá dereito a adaptar as potencias contratadas por período horario aos períodos definidos na circular sen custo ningún, independentemente de se realizou un cambio de potencia nos doce meses anteriores.

4. As empresas comercializadoras informarán de forma clara e transparente os consumidores da nova estrutura de peaxes xunto con cada unha das facturas que lles remitan desde a entrada en vigor desta circular até a efectiva aplicación dos prezos que resulten da súa aplicación.

5. Durante o período transitorio de adaptación dos sistemas establecido no punto 1, as empresas distribuidoras aplicarán as peaxes de acceso e condicións de facturación que estivesen en vigor con anterioridade á entrada en vigor da presente circular.

6. As empresas distribuidoras comunicarán ás comercializadoras, antes do 1 de novembro de 2020, o momento en que se adaptou o equipamento de medida.

Disposición transitoria segunda. *Facturación por enerxía capacitiva no período de val.*

1. Durante o primeiro período regulatorio, todos os consumidores conectados en niveis de tensión superior a 1 kV deberán manter de forma horaria un factor de potencia superior a 0,98 capacitivo no período 6.

2. Fóra do rango capacitivo anteriormente indicado, será de aplicación unha penalización de 0,05 euro/kVArh.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá modificar a penalización establecida no punto 2 mediante resolución se a análise da información dispoñible ou o cambio do comportamento dos consumidores o fixer aconsellable.

Disposición transitoria terceira. *Impacto gradual da aplicación da metodoloxía.*

1. Conforme a disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, as variacións das peaxes que resulten da metodoloxía da circular trasladaranse, segundo corresponda, de forma gradual nun período máximo de catro anos desde a entrada en vigor da metodoloxía de cálculo de cargos que estableza o Goberno.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará na resolución pola cal se establezan os valores das peaxes de transporte e distribución prevista no artigo 7.1 bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o procedemento para trasladar as variacións de prezos das peaxes durante ese período transitorio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Circular 3/2014, do 2 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de xaneiro de 2020.—O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, José María Marín Quemada.

ANEXO I

Metodoloxía de asignación da retribución da actividade de transporte e de distribución
1. Determinación da retribución das actividades de transporte e distribución que se debe recuperar a través das peaxes

a) Determinación da retribución da actividade de transporte que se debe recuperar a través das peaxes de transporte: A retribución que se debe recuperar a través das peaxes de transporte calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$CT_n = R_{T,n} \pm TSO_n \pm D_T$$

Onde:

CT_n : retribución do transporte recuperable con cargo á peaxe de transporte no exercicio n .

$R_{T,n}$: retribución á actividade de transporte prevista para o ano n de determinación de peaxe de transporte.

TSO_n : previsión do resultado de ingresos/pagamentos resultantes das conexións internacionais de electricidade, incluídos os derivados dos mecanismos de asignación de capacidade de intercambio e xestión de conexións que estean establecidos na normativa vixente para o ano de determinación das peaxes de transporte e distribución.

D_T : desvíos en retribución e ingresos previstos de exercicios anteriores correspondentes á actividade de transporte.

O desvío de retribucións e ingresos de exercicios anteriores (DT) calcularase conforme a seguinte fórmula:

$$D_T = DR_T \pm DIC_T + DTSO$$

Onde:

DR_T : revisións da retribución da actividade de transporte correspondentes a exercicios anteriores non tidas en conta na determinación de peaxes de transporte dos exercicios correspondentes, que se calculará de acordo coa seguinte fórmula:

$$DR_T = \sum_{j=n-1}^{\infty} (R_{T,j} - RR_{T,j})$$

Onde:

$R_{T,j}$: retribución da actividade de transporte recoñecida no ano j .

$RR_{T,j}$: revisión da retribución da actividade de transporte recoñecida no ano j .

DIC_T : diferenza entre os ingresos previstos por peaxes de transporte no ano $n-2$ e os ingresos por peaxes de transporte reais considerados na liquidación provisoria 14 do exercicio $n-2$, calculado segundo a seguinte fórmula:

$$DIC_T = IC_{T,n-2} - ICR_{T,n-2}$$

Onde:

$IC_{T,n-2}$: ingresos por peaxes de transporte previstos no ano $n-2$, para consumidores de enerxía eléctrica.

$ICR_{T,n-2}$: ingresos por peaxes de transporte do ano $n-2$ para consumidores rexistrados na liquidación provisoria 14 do sector eléctrico.

$DTSO$: diferenza entre os importes previstos e reais dos ingresos/pagamentos resultantes das conexións internacionais, incluídos os derivados dos mecanismos de

asignación de capacidade de intercambio e xestión de conxestións que estean establecidos na normativa vixente para o ano de determinación das peaxes de transporte e distribución, calculada segundo a seguinte fórmula:

$$DTSO = TSO_{n-2} - TSOR_{n-2}$$

Onde:

TSO_{n-2} : ingresos/pagamentos resultantes das conexións internacionais, incluídos os derivados dos mecanismos de asignación de capacidade de intercambio e xestión de conxestións que estean establecidos na normativa vixente para o ano de determinación das peaxes de transporte e distribución previstos no ano n-2.

$TSOR_{n-2}$: ingresos/pagamentos resultantes das conexións internacionais, incluídos os derivados dos mecanismos de asignación de capacidade de intercambio e xestión de conxestións que estean establecidos na normativa vixente para o ano de determinación das peaxes de transporte e distribución reais no ano n-2.

b) Determinación da retribución de redes que se debe recuperar a través das peaxes de distribución

A retribución de distribución que se debe recuperar a través da peaxe de distribución dos consumidores calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$CD_n = R_{D,n} \pm D_D$$

Onde:

CD_n : retribución de distribución recuperable con cargo á peaxe de distribución no exercicio n.

$R_{D,n}$: retribución á actividade de distribución prevista para o ano n.

D_D : desvíos de custos e ingresos de exercicios anteriores correspondentes á actividade de distribución.

O desvío de retribucións e ingresos de exercicios anteriores calcularase conforme a seguinte fórmula:

$$D_D = DR_D \pm DIC_D$$

Onde:

DR_D : revisións da retribución da actividade de distribución correspondentes a exercicios anteriores tidas en conta na determinación de peaxes de distribución de exercicios anteriores, que se calculará de acordo coa seguinte fórmula:

$$DR_D = \sum_{j=n-1}^{\infty} (R_{D,j} - RR_{D,j})$$

Onde:

$R_{D,j}$: retribución da actividade de distribución recoñecida no ano j.

$RR_{D,j}$: revisión da retribución da actividade de distribución recoñecida no ano j.

n: ano para o cal se calculan as peaxes de transporte.

DIC_D : diferenza entre os ingresos previstos no ano n-2 e os ingresos por peaxes de distribución reais considerados na liquidación nº 14 do exercicio n-2.

2. *Asignación da retribución do transporte e a distribución por niveis de tensión tarifarios*

Asígnase a cada grupo tarifario a retribución das redes que utiliza para a súa subministración. Para isto desagregase a retribución das redes entre os distintos niveis de tensión tarifarios (NT0 a NT4).

A retribución do transporte prevista no punto 1.a) deste anexo asígnase ao nivel de tensión tarifario NT4 (tensión superior a 145 kV).

A retribución de distribución prevista no punto 1.b) deste anexo desagregase entre os distintos niveis de tensión tarifarios (NT0 a NT3), tendo en conta información declarada polas empresas distribuidoras na Circular 4/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de petición de información ás empresas distribuidoras de enerxía eléctrica para a supervisión e cálculo da retribución da actividade.

En particular, a retribución asociada ás redes de distribución asignarase a cada nivel de tensión tarifario aplicando as porcentaxes establecidas no número 1 do anexo II á presente circular.

3. *Asignación da retribución do transporte e da distribución aos termos de facturación por potencia e enerxía das peaxes de transporte e distribución*

1. A determinación da parte da retribución das redes de transporte e distribución que se debe recuperar con cargo aos termos de facturación de potencia contratada e de enerxía consumida das peaxes de transporte e distribución responde aos principios de aditividade e de causalidade dos custos das redes descritos no artigo 4 da circular. En particular, as peaxes de transporte e distribución cáculanse de forma aditiva e en función de factores que inducen o custo das redes, sendo o factor fundamental a potencia en punta de deseño da rede de cada nivel de tensión tarifario.

Por isto, cáculase o custo de transporte e distribución desagregado por nivel de tensión tarifario que está asociado á potencia e á enerxía que circula polas redes. A relación entre o custo da rede asociado á potencia respecto do total establece a recuperación dese custo a partir dos termos de potencia das peaxes de redes de transporte e distribución, e o resto do custo recupérase a partir dos termos de enerxía consumida.

2. A asignación, en termos de obxectivo a medio prazo, para un ano base, da parte da retribución das redes de transporte e distribución que se debe recuperar con cargo ao termo de potencia e ao termo de enerxía realízase a partir das execucións dun modelo de rede de referencia, tendo en conta o custo da rede asociado á potencia e o custo da rede xustificado pola enerxía que circula polas redes.

O cálculo do custo asociado á potencia ten en conta o custo asociado a unha rede deseñada para satisfacer a potencia de punta do sistema respectando a restrición de caída de tensión.

Os custos de calidade das redes asígnanse da seguinte maneira:

- a) O criterio de calidade N-1 da rede de repartición asignarase á potencia.
- b) Os criterios de calidade TIEPI, NIEPI e o percentil 80 para a rede de media tensión asignaranse á variable de enerxía.

Do deseño completo da rede tendo unicamente en conta un criterio de potencia de punta extráese un custo $Cref_i^D$ para cada nivel de tensión i .

Do deseño da rede tendo en conta, ademais da potencia de punta, a enerxía que se consome, as perdas, ben como os criterios de calidade relacionados coa enerxía (TIEPI, NIEPI, percentil 80) obtense un novo custo $Cref_i^{D+E}$ para cada nivel de tensión i .

O cálculo do custo que se recupera a través de cada unha das dúas variables de facturación realízase a través da relación entre os custos das dúas redes descritas. En

cada nivel de tensión i , as porcentaxes de custo que se asignan á variable de potencia (η^D) e á variable de enerxía (η^E) son, respectivamente:

$$\eta^D = \frac{Cref_i^D}{Cref_i^{D+E}}$$

$$\eta^E = \frac{Cref_i^{D+E} - Cref_i^D}{Cref_i^{D+E}}$$

Onde:

$Cref_i^D$: custo do nivel de tensión tarifario i que resulta do deseño da rede considerando unicamente a potencia de punta.

$Cref_i^{D+E}$: custo do nivel de tensión tarifario i que resulta do deseño da rede considerando todas as variables.

η^D : porcentaxe do custo do nivel de tensión i que se debe recuperar con cargo aos termos de potencia.

η^E : porcentaxe do custo do nivel de tensión tarifario i que se debe recuperar con cargo aos termos de enerxía.

Por tanto, para cada nivel de tensión tarifario i , o custo total que se recupera mediante os termos de potencia (C_i^{TD}) e o custo total que se recupera mediante os termos de enerxía (C_i^E) son:

$$C_i^{TD} = C_i * \eta^D$$

$$C_i^E = C_i * \eta^E$$

Onde:

C_i : custo do nivel de tensión tarifario i , determinado no número anterior.

C_i^{TD} : custo do nivel de tensión tarifario i recuperable con cargo aos termos de potencia.

C_i^E : custo do nivel de tensión tarifario i recuperable con cargo aos termos de enerxía.

η^D : porcentaxe do custo do nivel de tensión tarifario i recuperable con cargo aos termos de potencia.

η^E : porcentaxe do custo do nivel de tensión tarifario i recuperable con cargo aos termos de enerxía.

4. *Asignación da retribución do transporte e a distribución de cada nivel de tensión e termo de facturación por período horario*

1. Conforme os criterios establecidos no número 4 do artigo 8 da presente circular, a metodoloxía de asignación discrimina horariamente os termos de facturación das peaxes de transporte e distribución, incentivando a contratación da potencia en períodos horarios onde a saturación das redes é menor e desincentivando a contratación de potencia en períodos horarios de maior demanda onde a probabilidade de saturación das redes é máis elevada.

En consecuencia, a retribución do transporte e da distribución, con desagregación por niveis de tensión tarifarios, que debe ser recuperada anualmente con cargo aos termos de facturación, asígnase entre os distintos períodos horarios, tendo en conta a participación destes na punta da demanda de cada nivel de tensión. Defínese a punta como o 10% das horas de maior demanda. En consecuencia, establécese o número de horas de punta en 876, sen prexuízo do establecido no punto 3 do anexo II.

2. A retribución de transporte e distribución que debe ser recuperada con cargo aos termos de facturación, potencia ou enerxía de cada nivel de tensión tarifario i asígnase

entre os distintos períodos horarios, tendo en conta a participación destes na punta da demanda de cada nivel de tensión tarifario i .

Para estes efectos considerárase como período de punta as H primeiras horas da monótona de cada nivel de tensión tarifario. A monótona de cada nivel de tensión inclúe tanto os fornecementos conectados no propio nivel de tensión como os fornecementos conectados en niveis de tensión inferiores na proporción en que son fornecidos desde ese nivel de tensión, conforme o modelo de rede de referencia contido no anexo III, incluíndo as perdas correspondentes.

Para isto:

1.º Cálculase, das H horas, o número de horas ($h_{i,p}$) que pertencen ao período horario p ; se o dito número de horas for nulo, considerárase 1 hora, para efectos de permitir o cálculo do correspondente termo.

2.º Asígnase a retribución do transporte e a distribución recuperable a través dos termos de facturación no nivel de tensión tarifario proporcionalmente ao número de horas que pertencen a cada período. Así, o custo $C_{i,p}^{TD}$ do nivel de tensión tarifario i que se recupera mediante un cargo por potencia no período horario p resulta:

$$C_{i,p}^{TD} = C_i^{TD} * \left(\frac{h_{i,p}}{H} \right)$$

Onde:

C_i^{TD} : retribución do transporte e a distribución do nivel de tensión tarifario i recuperable con cargo aos termos de facturación.

$C_{i,p}^{TD}$: retribución do transporte e a distribución recuperable mediante os termos de facturación do nivel de tensión tarifario i no período horario p .

H : número de horas de punta.

$h_{i,p}$: número de horas do período horario p comprendidas nas H primeiras horas da curva de carga do nivel de tensión tarifario i .

3. O número de H de horas de punta poderá diferir para os termos de potencia e enerxía, dependendo do sinal de prezos que se considere oportuno proporcionar en cada termo de facturación.

5. *Asignación da retribución de cada nivel de tensión e período horario recuperable por termo de facturación ao propio nivel de tensión e a niveis de tensión inferiores*

1. A retribución do transporte e da distribución de cada nivel de tensión tarifario e período horario recuperable por termo de facturación asígnase ao propio nivel de tensión e a niveis de tensión tarifarios inferiores de acordo cun modelo simplificado de rede, que se inclúe no anexo III da presente circular, tendo en conta que o deseño da rede se debe aos consumidores conectados no propio nivel de tensión tarifario e a aqueles conectados en niveis de tensións tarifarios inferiores.

2. A retribución das redes recuperable a través dos termos de potencia $C_{i,p}^{TD,NTj}$ dun nivel de tensión tarifario i que van pagar os consumidores situados no nivel de tensión tarifario NTj (con $j \leq i$) calcúlase tendo en conta o fluxo de potencia que circula cara a niveis de tensión inferiores na hora de máxima potencia.

En xeral, para un período horario p , a retribución da rede do nivel de tensión tarifario NTi , repartirase entre os niveis tarifarios NTj , con $j \leq i$, de acordo cuns coeficientes (véxase o modelo simplificado no anexo III):

$$C_{i,p}^{TD,NTj} = C_{i,p}^{TD} * \alpha_{j,p}^i$$

Onde os coeficientes $\alpha_{j,p}^i$ son:

$$\alpha_{0,p}^0 = 1$$

$$\alpha_{1,p}^1 = \frac{D_{1,p}}{D_{1,p} + wd_{0,p}^1}$$

$$\alpha_{0,p}^1 = \frac{wd_{0,p}^1}{D_{1,p} + wd_{0,p}^1}$$

$$\alpha_{2,p}^2 = \frac{D_{2,p}}{D_{2,p} + wd_{1,p}^2 + wd_{0,p}^2}$$

$$\alpha_{1,p}^2 = \frac{wd_{1,p}^2}{D_{2,p} + wd_{1,p}^2 + wd_{0,p}^2} \cdot \alpha_{1,p}^1$$

$$\alpha_{0,p}^2 = \frac{wd_{0,p}^2}{D_{2,p} + wd_{1,p}^2 + wd_{0,p}^2} + \frac{wd_{1,p}^2}{D_{2,p} + wd_{1,p}^2 + wd_{0,p}^2} \cdot \alpha_{0,p}^1$$

$$\alpha_{3,p}^3 = \frac{D_{3,p}}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3}$$

$$\alpha_{2,p}^3 = \frac{wd_{2,p}^3}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3} \cdot \alpha_{2,p}^2$$

$$\alpha_{1,p}^3 = \frac{wd_{1,p}^3}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3} \cdot \alpha_{1,p}^2 + \frac{wd_{2,p}^3}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3} \cdot \alpha_{0,p}^2$$

$$\alpha_{0,p}^3 = \frac{wd_{0,p}^3}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3} \cdot \alpha_{0,p}^2 + \frac{wd_{1,p}^3}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3} \cdot \alpha_{1,p}^2 + \frac{wd_{2,p}^3}{D_{3,p} + wd_{2,p}^3 + wd_{1,p}^3 + wd_{0,p}^3} \cdot \alpha_{2,p}^2$$

$$\alpha_{4,p}^4 = \frac{D_{4,p}}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4}$$

$$\alpha_{3,p}^4 = \frac{wd_{3,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{3,p}^3$$

$$\alpha_{2,p}^4 = \frac{wd_{2,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{2,p}^3 + \frac{wd_{3,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{1,p}^3$$

$$\alpha_{1,p}^4 = \frac{wd_{1,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{0,p}^3 + \frac{wd_{2,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{1,p}^3 + \frac{wd_{3,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{2,p}^3$$

$$\alpha_{0,p}^4 = \frac{wd_{0,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{0,p}^3 + \frac{wd_{1,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{1,p}^3 + \frac{wd_{2,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{2,p}^3 + \frac{wd_{3,p}^4}{D_{4,p} + wd_{3,p}^4 + wd_{2,p}^4 + wd_{1,p}^4} \cdot \alpha_{3,p}^3$$

Onde:

$wd_{i,p}^j$: fluxo de potencia que circula do nivel de tensión tarifario i ao j na hora de máxima potencia do período horario p .

$D_{i,p}$: potencia contratada prevista no nivel de tensión tarifario i na hora de máxima potencia do período horario p .

3. A retribución das redes recuperable a través dos termos de enerxía $C_{i,p}^{E,NTj}$ dun nivel de tensión tarifario i que van pagar os consumidores situados no nivel de tensión tarifario NTj (con $j \leq i$), calcúlase tendo en conta o fluxo de enerxía que circula cara a niveis de tensión inferiores en cada período tarifario.

Para o efecto, aplicaranse as fórmulas establecidas no número 2 anterior, substituíndo os coeficientes $\alpha_{j,p}^i$ polos $\alpha e_{j,p}^i$ e os parámetros $\omega d_{i,p}^j$ e $D_{i,p}$ por $\omega e_{i,p}^j$ e $E_{i,p}$, respectivamente, sendo $\omega e_{i,p}^j$ o fluxo de enerxía que circula do nivel de tensión tarifario i ao j o período horario p e $E_{i,p}$ a enerxía consumida no nivel de nivel de tensión tarifario i ao j o período horario p , obtidos da información do balance de enerxía.

6. Determinación dos termos de potencia das peaxes de transporte e distribución

De acordo cos criterios previstos nos números 2, 3 e 4 do artigo 8 da presente circular, o termo de potencia de cada período horario ($T_{i,p}^{TD}$) da peaxe de transporte e distribución correspondente a un consumidor conectado no nivel de tensión tarifario i obtense como resultado de dividir a retribución recuperable con cargo ao termo de potencia do período horario p do seu nivel de tensión tarifario e dos niveis de tensión tarifarios superiores ao que está conectado entre a potencia contratada no período horario p do nivel de tensión tarifario i , prevista para o exercicio seguinte. Isto é,

$$T_{i,p}^{TD} = \frac{\sum_{k \geq i} [C_{k,p}^{TD,NTi}]}{D_{i,p}}$$

Onde:

$T_{i,p}^{TD}$: termo de potencia do período horario p do nivel de tensión tarifario i .

$C_{k,p}^{TD,NTi}$: retribución das redes do nivel de tensión tarifario k que hai que recuperar con cargo aos termos de potencia do nivel de tensión tarifario i no período horario p .

$D_{i,p}$: potencia contratada prevista do nivel de tensión tarifario i no período horario p .

Se o termo de potencia da peaxe do nivel de tensión tarifario i para un período tarifario p non for superior ao do período $p+1$, poderase establecer o mesmo termo de potencia para ambos os períodos tarifarios, asegurando, en todo caso, a suficiencia de ingresos.

7. Determinación dos termos de enerxía das peaxes de transporte e distribución

De acordo cos criterios previstos nos números 2, 3 e 4 do artigo 8 da presente circular, o termo enerxía de cada período horario ($T_{i,p}^E$) da peaxe de transporte e distribución correspondente a un consumidor conectado no nivel de tensión tarifario i resulta de dividir a retribución recuperable con cargo ao termo de enerxía do período horario p do seu nivel de tensión tarifario e dos niveis de tensión tarifarios superiores ao que está conectado entre o consumo no período horario p do nivel de tensión tarifario i , previsto para o exercicio seguinte. Isto é,

$$T_{i,p}^E = \frac{\sum_{k \geq i} [C_{k,p}^{E,NTi}]}{E_{i,p}}$$

Onde:

$T_{i,p}^E$: termo de enerxía do período horario p da peaxe correspondente ao nivel de tensión tarifario i .

$C_{k,p}^{E,NTi}$: retribución de redes do nivel de tensión tarifario do período horario p que hai que recuperar con cargo ao termo de enerxía do nivel de tensión tarifario i .

$E_{i,p}$: enerxía consumida prevista do nivel de tensión tarifario i no período horario p .

Se o termo de enerxía da peaxe do nivel de tensión tarifario i para un período tarifario p non for superior ao do período $p+1$, poderase establecer o mesmo termo de potencia para ambos os períodos tarifarios, asegurando en todo caso a suficiencia de ingresos.

8. *Determinación dos termos de enerxía das peaxes de autoconsumidores pola enerxía autoconsumida no caso de instalacións próximas*

O termo enerxía de cada período horario ($TA_{i,p}^E$) da peaxe de transporte e distribución correspondente a un autoconsumidor conectado no nivel de tensión tarifario i resulta de dividir a retribución do seu propio nivel de tensión recuperable con cargo ao termo de enerxía do período horario p do seu nivel de tensión tarifario entre o consumo no período horario p do nivel de tensión tarifario i , previsto para o exercicio seguinte. Isto é,

$$TA_{i,p}^E = \frac{C_p^{E,NTi}}{E_{i,p}}$$

Onde:

$TA_{i,p}^E$: termo de enerxía da peaxe de autoconsumidores pola enerxía autoconsumida do período horario p da peaxe correspondente ao nivel de tensión tarifario i .

$C_p^{E,NTi}$: retribución da rede do nivel de tensión tarifario i do período horario p que hai que recuperar con cargo ao termo de enerxía.

$E_{i,p}$: enerxía consumida prevista do nivel de tensión tarifario i no período horario p .

Se o termo de enerxía da peaxe do nivel de tensión tarifario i para un período tarifario p non for superior ao do período $p+1$, poderase establecer o mesmo termo de enerxía para ambos os períodos tarifarios, asegurando en todo caso a suficiencia de ingresos.

ANEXO II

Porcentaxes mencionadas no artigo 14 e no anexo I aplicables durante o primeiro período regulatorio

1. As porcentaxes aplicables para asignar a retribución da distribución por niveis de tensión tarifarios durante o primeiro período regulatorio son as seguintes:

Nivel de tensión	%
NT0 (NT ≤ 1 kV)	38,32 %
NT1 (1 kV < NT < 30 kV)	40,57 %
NT2 (30 kV ≤ NT < 72,5 kV)	11,61 %
NT3 (72,5 kV ≤ NT < 145 kV)	9,50 %
Total.	100,00 %

2. As porcentaxes resultantes da metodoloxía na asignación da retribución de transporte e distribución por nivel de tensión que se deben recuperar polo termo de potencia e polo termo de enerxía son as seguintes.

Nivel de tensión	Compoñente de potencia	Compoñente de enerxía
NT0 ($NT \leq 1$ kV)	100 %	0 %
NT1 (1 kV \leq NT < 30 kV)	75 %	25 %
NT2 (30 kV \leq NT < 72,5 kV)	75 %	25 %
NT3 ($72,5$ kV \leq NT < 145 kV)	75 %	25 %
NT4 (NT \geq 145 kV)	75 %	25 %


Unha vez que se obtén a retribución que debe recuperarse a través dos termos fixos e variables das peaxes de transporte e distribución, as peaxes de redes dos consumidores conectados en baixa tensión con potencia contratada inferior ou igual a 15 kW (2.0 TD) axustaranse para efectos de asegurar que o 75 % da facturación de peaxes de redes sexa recuperado a través do termo fixo e o 25 % a través do termo variable.

3. No primeiro ano en que se aplique a metodoloxía da presente circular, o parámetro H tomará un valor de 2.000 horas. Este valor poderase ir reducindo progresivamente ao longo do período regulatorio até alcanzar 876 horas no último ano. En todo caso, o número de horas considerado no ano de cálculo das peaxes non poderá ser superior ao considerado no ano precedente.

ANEXO III

Modelo simplificado de rede

O modelo de rede simplificado utilizado na metodoloxía de asignación da retribución do transporte e a distribución da presente circular é o seguinte:



No citado modelo de rede existen cinco niveis de tensión tarifarios: *NT0* (menor de 1 kV), *NT1* (tensións superiores a 1 kV e inferiores a 30 kV), *NT2* (tensións superiores a 30 kV e inferiores a 72,5 kV), *NT3* (tensións superiores a 72,5 kV e inferiores a 145 kV) e *NT4* (tensións superiores a 145 kV). As variables presentadas no modelo son as seguintes:

$E_{i,p}$: enerxía consumida no nivel de tensión tarifario i durante o período horario p .

$D_{i,p}$: potencia contratada no nivel de tensión tarifario i para o período horario p .

$\omega_{i,p}^j$: fluxo de enerxía que circula no nivel de tensión tarifario i ao j no período horario p para balances de enerxía.

$\omega d_{i,p}^j$: fluxo de potencia que circula do nivel de tensión tarifario i ao j na hora de máxima potencia do período horario p para balances de potencia.